



O Grupo Municipal Socialista da Guarda en base ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta diante do Pleno da Corporación a seguinte **MOCIÓN**.

Reclamación á Xunta de Galicia da reparación do peirao do ferri da Pasaxe

Dende 1995 está funcionando o ferri entre A Guarda e Caminha para transporte de vehículos e pasaxeiros. Para que o transbordador puidera atracar na Pasaxe a Xunta de Galicia construíu un peirao e a súa correspondente rampla de acceso. Esta infraestrutura está xestionada dende a súa construción por portos de Galicia, ente encargado de liquidar as correspondentes taxas polo seu uso ao concello da Guarda, que paga por cada pasaxeiro e por cada vehículo.

Dende o recoñecemento do Camiño Portugués da Costa, na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e 2016, o ferri convértese nun transporte esencial para dar continuidade a este itinerario Xacobeo que ten a súa entrada en Galicia pola Guarda tras cruzar o esteiro do Miño.

A partir do ano 2016 o número de peregrinos polo Camiño Portugués da Costa evoluciona moi ben. En 2019 os camiñantes rexistrados oficialmente en Santiago que seguiron este itinerario foi de 22.292. Esta boa evolución de peregrinos fai que o ferri recupere protagonismo. A partir dese momento, na mobilidade entre A Guarda e Caminha, ademais do transporte de pasaxeiros e vehículos cobra importancia o transporte de peregrinos.

Unha avaría no peirao do ferri no verán do 2021 fai que Portos de Galicia peche o embarcadoiro, e despois dunha reparación en precario este nunca se abriu para vehículos. Dende outubro de 2021 o ferri deixa de navegar, o principal motivo é que o peirao continúa a espera da reparación xa que segue sen ser posible o acceso de vehículos ao transbordador. Esta reparación do peirao foi reclamada, polo concello da Guarda, de forma reiterada a Portos de Galicia sen que o ente autonómico dera resposta de cando se acometerá. Sabendo que estamos en pleno xacobeo 2022.

A Xunta de Galicia, e por extensión, Portos de Galicia, ente responsable do peirao de atraque do ferri, leva anos sen facer un mantemento adecuado do embarcadoiro o que provocou o seu deterioro. Dende que se avaría o embarcadoiro, Portos fai unha inadmisíble

deixazón das súas funcións que leva a que oito meses despois da avaría aínda non teña valorada o alcance da mesma e, polas declaracións da xefa de portos, non ten previsto facer as reparacións que require o peirao antes do verán.

Temos que ter en conta que o embarcadoiro da Pasaxe seguirá tendo utilidade incluso se o actual ferri se substitúe por outro tipo de embarcación, ou se houbera máis dunha embarcación facendo o servizo de transporte de pasaxeiros. Nada xustifica que se deixe deteriorar desa maneira unha infraestrutura portuaria que podería e debería ter máis actividade da que viña tendo ata agora.

Tamén hai que ter en conta a preocupación e demandas que trasladan dende o sector privado relacionado co Camiño Portugués da Costa (A Guarda, Rosal, Oia, Baiona e Nigrán). Dende o seu recoñecemento oficial en 2016, moitas persoas estiveron traballando para ofrecer servizos que o camiño e os peregrinos necesitaban en base ao crecemento que viña experimentando este itinerario a Santiago e as expectativas de negocio que se crearon. É lexítimo que agora soliciten que as administracións manteñan as condicións que xeraron aquelas oportunidades e expectativas.

Por todo o sinalado o Grupo Municipal Socialista da Guarda propón ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Esixir a Xunta de Galicia que repare, a maior brevidade, o peirao do ferri da Pasaxe para posibilitar o embarque de vehículos no actual transbordador ou o permita outro barco que preste o mesmo servizo nun futuro.
2. Instar á Xunta de Galicia a que habilite de forma urxente un transporte de pasaxeiros entre A Guarda e Caminha mentres non estea reparado o peirao do ferri.
3. Trasladar o presente acordo aos concellos de Oia, Rosal, Baiona Nigrán e Vigo, e tamén a cámara de Caminha.
4. Trasladar o presente acordo a Turismo de Galicia e ao Xacobeo.

A Guarda, 14 de marzo de 2022

Portavoz do Grupo Municipal Socialista